

COMPLEMENTO PARA A FENDA DE XÉNERO

CLASES PASIVAS

O complemento para a redución da fenda de xénero, recoñecerase unicamente ás pensións causadas a partir do 4 de febreiro de 2021.

As mulleres que tivesen un ou máis fillos ou fillas e que sexan beneficiarias dunha pensión de xubilación ou retiro de carácter forzoso ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade no Réxime de Clases Pasivas, terán dereito a un complemento por cada fillo ou filla.

O dereito ao complemento económico por cada fillo ou filla recoñecerase ou manteráselle á muller sempre que non medie solicitude e recoñecemento do complemento en favor do outro proxenitor e se estoutro é tamén muller, recoñecerase a aquela que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

Para que os homes poidan ter dereito ao recoñecemento do complemento deberán causar unha pensión de xubilación ou retiro de carácter forzoso, por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade e ter interrompido ou ter visto afectada a súa carreira profesional con ocasión do nacemento ou adopción, segundo os seguintes requisitos:

1º No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados ata o 31 de decembro de 1994, ter máis de cento vinte días sen servizos efectivos ao Estado, de acordo co previsto no artigo 32 do texto refundido da Lei de Clases Pasivas, entre os nove meses anteriores ao nacemento e o tres anos posteriores á esta data ou, en caso de adopción, entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e o tres anos seguintes, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

2º No suposto de fillos ou fillas nados ou adoptados desde o 1 de xaneiro de 1995, que o funcionario cesase no servizo activo ou tivese unha redución de xornada nos vinte e catro meses seguintes ao do nacemento ou ao da resolución xudicial pola que se constituía a adopción, en máis dun 15 por cento, respecto da dos vinte e catro meses inmediatamente anteriores, sempre que a suma das contías das pensións recoñecidas sexa inferior á suma das pensións que lle corresponda á muller.

3º Se os proxenitores son homes e se dan as condicións anteriores en ambos, recoñecerase a aquel que perciba pensións públicas cuxa suma sexa de menor contía.

O importe do complemento será en cómputo mensual por cada fillo ou filla. A contía a percibir estará limitada a catro veces este importe.

Ademais:

O importe do complemento non será tido en conta na aplicación do límite máximo de pensións.

O complemento satisfarase en catorce pagas, xunto coa pensión que determine o dereito á mesma.

Cada fillo ou filla dará dereito unicamente ao recoñecemento dun complemento económico.

Os complementos que puidesen ser recoñecidos en calquera dos réximes de Seguridade Social serán incompatibles entre si, sendo aboado no réxime no que o causante da pensión teña máis períodos de alta.

Quen estivese a percibir o complemento por maternidade manterá o súa percibo, pero este será incompatible co complemento para a redución da fenda de xénero que puidese corresponder polo recoñecemento dunha nova pensión pública, podendo as persoas interesadas optar entre un ou outro.

SEGURIDADE SOCIAL

Terán dereito a este complemento as mulleres que tivesen un ou máis fillos e sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, incapacidade permanente ou de viuvez. A razón de ser deste complemento é a incidencia que con carácter xeral ten a fenda de xénero no importe das pensións contributivas da Seguridade Social nas mulleres.

O dereito a este complemento recoñécese e mantense para a muller sempre que non haxa solicitude e recoñecemento do outro proxenitor.

Só poderá recoñecerse a un dos dous proxenitores e aplicarase a feitos causantes producidos a partir do 4 de febreiro de 2021.

QUE REQUISITOS DEBEN REUNIR AS MULLERES PARA SOLICITAR O COMPLEMENTO:

- 1.- Que tivesen un ou máis fillos.
- 2.- Que sexan beneficiarias dunha pensión contributiva de xubilación, incapacidade permanente ou viuvez

Se os dous proxenitores son mulleres, recoñecerase a aquela que perciba unha pensión pública de menor contía.

QUE REQUISITOS DEBEN REUNIR OS HOMES:

- 1.- Que tivesen un ou máis fillos.
- 2.- Que sexan beneficiarios dunha pensión contributiva. Sempre que cumpran algún dos seguintes requisitos:

- Causen pensión de viuvez por falecemento do outro proxenitor e sempre que algún dos fillos en común teña dereito a percibir unha pensión de orfandade.

- Causen pensión de xubilación ou incapacidade permanente contributiva e ver interrompida ou afectada a súa carreira profesional con ocasión do nacemento ou adopción conforme as seguintes condicións:

FILLOS NADOS OU ADOPTADOS	REQUISITOS
ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1994	- Fillos nados: Ter máis de 120 días sen cotización entre os 9 meses anteriores ao nacemento e os 3 anos seguintes á devandita data. - Fillos adoptados: Ter máis de 120 días sen cotización entre a data da resolución xudicial pola que se constituía e os 3 anos seguintes a esa data.
DESDE O 1 DE XANEIRO DE 1995	- Fillos nados e adoptados: A suma das bases de cotización dos 24 meses seguintes ao do nacemento ou resolución xudicial de adopción, sexa inferior, en máis dun 15%, á de 24 meses inmediatamente anteriores.

A suma das pensións recoñecidas ao home terá que ser inferior á suma das pensións recoñecidas á muller. Este requisito esixirase no momento en que ambos proxenitores causen dereito a unha prestación contributiva nos termos previstos na lei.

Se os dous proxenitores son homes e ambos cumpren cos requisitos anteriores, recoñeceráselle a aquel que perciba unha pensión pública de menor contía.

EN CANTO AOS FILLOS/AS:

- Cada fillo/a dará dereito unicamente ao recoñecemento dun complemento.
- Computaranse os/as fillos/as que nacesen con vida ou fosen adoptados, con anterioridade ao feito causante da pensión correspondente.
- Os/as fillos/as nados con vida ou que fosen adoptados, terán que ser inscritos no Rexistro Civil.

Este complemento recoñécese para as pensións contributivas de:

- Incapacidade permanente.
- Viuvez.
- Xubilación.

No caso dunha pensión de xubilación parcial, recoñecerase o complemento cando se acceda á xubilación plena unha vez cumprida a idade que en cada caso corresponda.

O importe do complemento por fillo fíxase na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano. Será incrementada ao comezo de cada ano no mesmo porcentaxe prevista para as pensións contributivas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

Abóase mensualmente con dúas pagas extraordinarias nos meses de xuño e novembro, xunto coa pensión que determine o dereito a este complemento.

Nos casos de pensións que superan o límite máximo, o importe do complemento non será tido en conta para a aplicación dese límite máximo. É dicir, a contía do complemento non está suxeita ao límite máximo de pensión. O importe deste complemento non terá en conta a consideración de ingreso ou rendemento de traballo a efectos de complemento por mínimos.

Percibirase mentres a persoa beneficiaria reciba algunha das pensións xa citadas.

O recoñecemento do complemento ao outro proxenitor, supoñerá a extinción do complemento xa recoñecido ao primeiro proxenitor, polos mesmos fillos.

O complemento de maternidade será incompatible co novo complemento de pensións contributivas para a redución da brecha de xénero.

EN QUE CASOS NON SE RECOÑECE O COMPLEMENTO:

- A aqueles pais ou nais que fosen privados da patria potestade.
- Ao pai que fose condenado por violencia contra a muller, fillos ou fillas.
- Nos casos de xubilación parcial, recoñecerase só cando desde a xubilación parcial se acceda á xubilación plena, unha vez cumprida a idade que en cada caso corresponda.